

MANIFESTO DE GIRONA SOBRE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

- 1.A diversidade lingüística é un patrimonio da humanidade, que debe ser valorado e protexido.
- 2.O respecto por todas as linguas e culturas é fundamental no proceso de construción e mantemento do diálogo e da paz no mundo.
- 3.Cada persoa aprende a falar no seo dunha comunidade que lle dá a vida, a lingua, a cultura e a identidade.
- 4.As distintas linguas e falas non son soamente instrumentos de comunicación, tamén son o medio no que os humanos medran e as culturas se constrúen.
- 5.Toda comunidade lingüística ten dereito a que a súa lingua sexa usada como oficial no seu territorio.
- 6.O ensino escolar debe contribuír a prestixiar a lingua falada pola comunidade lingüística do territorio.
- 7.O coñecemento xeralizado de varias linguas por parte dos cidadáns é un obxectivo desexable porque favorece a empatía e a apertura intelectual, de paso que propicia un maior dominio do idioma propio.
- 8.A tradución de textos -nomeadamente das grandes obras de cada cultura- representa un factor moi importante no necesario proceso de achegamento e respecto entre os humanos.
- 9.Os medios de comunicación son altavoces privilexiados cando se trata de facer efectiva a diversidade lingüística e de prestixiala con competencia e vigor.
- 10.10. O dereito ao uso e protección da lingua propia debe ser recoñecido polas Nacións Unidas como un dos dereitos humanos fundamentais.